

HERE

[Here, Bas Devos
2023, Bélxica, 82 min., VOSE]

Lingua **Neerlandés, francés, romanés, chinés**

Dirección e guión **Bas Devos**

Fotografía **Grimm Vandekerckhove**

Montaxe **Dieter Diependaele**

Son **Boris Debackere**

Música **Brecht Ameel**

Elenco **Stefan Gota, Liyo Gong, Cedric Luvuezo, Teodor Corban, Saadia Bentaïeb,**

Alina Constantin, ShuHuang Wang

Produtora **Quetzalcoatl International**

Distribución **Flamingo Films**

Stefan, un obreiro da construción romanés que vive en Bruxelas, está a piques de regresar ao seu país. Cociña unha grande ola de sopa co que ten na neveira e repártea como despedida entre amizades e familiares. Xusto cando está listo para marchar, coñece unha moza que está a preparar un doutorado sobre musgos, a especie vexetal máis antiga coñecida. A capacidade de atención da moza cara ao case invisible deixa en Stefan unha fonda pegada.

Fipresci e Mellor Filme de Encounters na Berlinale 2023.

OUTUBRO

Luns 28 **HISTORIA DUNHA VECIÑANZA**

(Yasujirô Ozu, 1947, Xapón, 72 min., VOSE)

Martes 29 **MÚSICA**

(Angela Schanelec, 1923, Alemaña, 108 min., VOSG)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



HERE

BAS DEVOS

CINECLUBE PONTEVEDRA

BAS DEVOS NOTAS SOBRE HERE

UNHA CUNCA DE SOPA

Nos anos oitenta, a escritora de ciencia ficción Ursula K. Le Guin escribiu un breve ensaio cun fermoso título: *A teoría da bolsa de ficción*. Alí sostén que os primeiros humanos eran principalmente recolletores de bagas, froitas, grans e sementes. A imaxe que temos dun cazador, un empuñador de lanzas, un cazador de mamuts, pode que domine a nosa ciencia colectiva, mais é errónea. O primeiro artefacto cultural non era unha lanza, di Le Guin, senón un recipiente. Unha cunca, unha bolsa de transporte, unha rede tecida, unha bolsa en que transportar de volta á casa todas esas sementes, noces e follas. Mais este saco, ou bolsa, e a súa historia perderon fronte á imaxe máis heroica do cazador de mamuts brandindo unha lanza. Unha imaxe moi masculina que sustenta unha narración masculina. Le Guin contrarresta esta proposta cunha narrativa máis feminina. Afastándose desa imaxe para procurar historias de cooperación, de compartir, reunir. Porque é ese almacenar e compartir o que nos define como humanos. Encántame esa imaxe.

Foi logo de ler este ensaio cando o filme que trataba de escribir comezou a encaixar. A narración era sinxela: un home que marcha de viaxe por un tempo baleira a súa neveira e prepara unha sopa coas verduras que doutro xeito ían apodrecer. Logo distribúe esa sopa entre amizades e familiares. Este filme fala de caixas de sopa, de sementes e raíces, e do musgo brando baixo os nosos pés. En consecuencia, é un filme sobre o que significa ser humano.

UN FRONDOSO AGORA

A bióloga e filósofa Donna Haraway propón a idea dun *agora denso* para describir a intrincada rede de conexións arrepiantes que permiten a nosa realidade colectiva.

Propón unha forma de concibir o tempo que nos faga máis conscientes da nosa interconexión cos demais, mais tamén co mundo non humano. Trátase de vivir o presente sen perder de vista o que nos precedeu, de xeito que lles deixemos unha pasaxe máis pacífica aos que nos sucedan. Talvez, unha forma de revalorizar a conexión rota entre o home e a natureza. O musgo é unha poderosa metáfora para falar dese “agora mesto e capilar”: intimamente ligado ao futuro e ao pasado, mais no presente, e intensamente entrelazado co medio ambiente, a calidade do aire e a auga circundantes, a cantidade de luz solar. O comportamento humano atopa eco nesas moles leitos de esponxosa vexetación. Shuxiu é a guía de Stefan,

e tamén a nosa. O filme avanza cara a un momento de quietude, un momento de atención plena.

Cando Stefan coñece a Shuxiu na pantanosa *terra de ninguén* entre Bruxelas e Vilvoorde, comparten unha experiencia que se achega a este *agora*. Observándose e escoitándose uns aos outros e a súa contorna. Se cadra a atención é un requisito previo para o amor.

O NOME DO MUNDO

Cando comecei a traballar neste filme, fixenme cunha lupa de man. Cando me achego o pedazo de vidro ao ollo, vexo o que teño diante aumentado vinte veces. Adoito pasear con Geert Raeymaekers, briólogo, experto en musgos. É un home amable e cálido. Xuntos miramos con lupa o diminuto mundo que hai baixo os nosos pés. Identifica as diversas especies que temos entre os dedos e chámalles polos seus misteriosos nomes en latín.

Syntrichia laevipila, Kindbergia praelonga.

Nomear as cousas é o primeiro paso para aprender a miralas, escribe Robin Wall Kimmerer no seu libro *Gathering Moss*. É unha forma de comezar unha relación íntima e nutritiva co mundo.

Cando Geert e mais eu erguemos a vista dese mundo baixo os nosos pés, por todas partes, entre a vexetación e o formigón cuberto de maleza, vemos latas, botellas, paquetes de cigarros, bolsas de patacas fritidas baleiras, papel hixiénico, uns zapatos solitarios, un paraugas roto e unha bicicleta. Se coñecésemos os nomes de todos os musgos, plantas e árbores que nos rodean, tería este lugar un aspecto diferente? Damos un paseo imaxinario cara a unha saída deste páramo miserable, seguindo un rastro do noso planeta doente. Fai falla moita imaxinación para imaxinar outro futuro que non sexa un páramo distópico.

Como escribe Haraway: «... Importa que historias contamos para contar outras historias; importa que pensamentos pensan os pensamentos. (...) Importa que historias fan mundos, que mundos fan historias».

Non se me ocorre un medio mellor có cinema para imaxinar ese outro futuro, para contar esa outra historia, para «mundanizar» ese outro mundo.

Texto recollido do *pressbook* do filme.

Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.